



2 al 5 de JUNIO, 2011
A CORUÑA

Beatriz Cebas - Jefa de Prensa
www.s8cinema.com
prensa@s8cinema.com

NOTA DE PRENSA

A 2ª Mostra de Cinema Periférico abrirá coa proxección dunha versión restaurada de Metrópolis, e ofrecerá "O ceo na Terra", un ciclo coproducido con La Casa Encendida e o CGAI que contará coa presenza de artistas internacionais.

Adelanto de Programación del (S8)

O (S8) é un evento cinematográfico internacional que se celebrará no Antigo Cárcere Provincial da Coruña do 2 ao 5 de xuño de 2011, e que traerá ás nosas pantallas unha estimulante mostra de cine experimental e de vangarda. O (S8) toma como punto de partida e de referencia o Super 8, un formato que foi, e é, ferramenta de pioneiros e francotiradores do audiovisual.

A continuación ofrecemos un pequeno adianto do que esta segunda edición do (S8) nos ten reservado. Para empezar, un acontecemento especial: a exhibición na Mostra, dentro da sección Vangardas Cinematográficas, dunha nova **copia restaurada de Metrópolis**, obra mestra de 1927 de Fritz Lang, **que inclúe tres bobinas de película que se crían irremediabilmente perdidos**, e que foron descubertos no ano 2008. Unha oportunidade única de ver a obra por fin na súa integridade, e ademais coa **interpretación íntegra e en directo da súa partitura orixinal a cargo da Orquestra Sinfónica Cidade de Pontevedra**.

Outro dos pratos fortes da Mostra será o ciclo **"O ceo na Terra"** (dentro da sección "A segunda vida das imaxes"), co-organizado coa La Casa Encendida e o CGAI (Centro Galego de Artes da Imaxe). Trátase dunha exploración, desde a vangarda, do mundo do espiritual e o fantasmal. O ciclo contará coa presenza das obras de **catro figuras internacionais de primeira orde dentro do cine experimental actual: Rober Beavers**, cineasta en activo desde 1967, ao que a Tate Modern adicou unha retrospectiva recentemente; **Phil Solomon**, fascinante creador do cine de apropiación que fora colaborador de Stan Brackhage; a "medium" das imaxes, a artista de orixe escocesa **Zoe Beloff** (cuxo traballo foi visto, entre moitos outros no Whitney Museum of American Art e o MoMA); e **Nathaniel Dorsky**, cineasta galardoado na última edición do Festival de Rotterdam que presentou as súas películas silentes e hipnóticas en institucións como o MoMA e o Centro Pompidou. Contaremos, ademais, coa presenza de Beloff e Dorsky.

O (S8) tamén da conta da forza que a día de hoxe segue tendo o Super 8 como ferramenta de creación a través da súa sección **Super 8 Contemporáneo**. Nesta edición este apartado estará adicado principalmente ao videoclip, recompilando os traballos de diversos cineastas para artistas como **O Guincho**, **Vivian Girls**, **Aterciopelados** ou o **Dúo Cobra**, que ademais ofrecerá unha **actuación en directo**.



2 al 5 de JUNIO, 2011
A CORUÑA

Beatriz Cebas - Jefa de Prensa
www.s8cinema.com
prensa@s8cinema.com

Un dos distintivos de (S8) con respecto a outros eventos similares é o protagonismo que ten na Mostra o **cine performativo**, é dicir, o cine en directo. Este ano contaremos coa espectacular performance en 3D *Claire and don in slumberland*, de **Zoe Beloff**, onde o monstruoso e o ridículo danse a man. Pola súa banda, as performances do artista e estudioso da luz, **Guy Sherwin** son un magnético xogo visual que permite, grazas a sinxelos elementos, establecer unha sorprendente comunicación directa entre pasado e presente en obras como *Man with mirror*, *Paper landscape*, *Vowels & consonants* y *End rolls*.

Left Hand Rotation é un colectivo que leva en activo desde 2004. Dedicáanse a desenvolver proxectos experimentais en múltiples formatos e soportes. Estarán presentes no (S8) con dúas instalacións interactivas: “Atención: spoiler”, que destripa as estruturas narrativas convencionais do cine comercial, e “Trucador”, xogo sobre as interferencias que provoca a dobraxe na recepción das obras cinematográficas.

Ademais de todo isto, o (S8) establece unha conexión directa co público, con actividades como o **Taller de cine sen cámara “A brecha”**, ou a mostra de **cine mudo para nenos e nenas**, na que este ano se poderán ver as ensoñadoras e excepcionais películas de animación, feitas con artesanais siluetas recortadas, da pioneira alemá da animación **Lotte Reiniger**. Tamén se volverá a celebrar este ano dentro do (S8) o **Observatorio**, unha xornada para profesionais da arte e a cultura cuxo fin é xerar diálogos ante os retos actuais da xestión cultural, como é o caso do tema a tratar este ano: os arquivos, as redes e a memoria.

¿Quen organiza o (S8)?

Detrás da organización deste proxecto, atópase a Asociación Cultural ese8. Esta Asociación creouse co fin de fomentar as periferias do cine, o formato do Super 8 e todas as vertentes do cine como expresión artística.

Para máis información, póñanse en contacto con:
Beatriz Cebas, Xefa de Prensa do (S8)
prensa@s8cinema.com / Teléfono: 666 90 80 10

O (S8) nas redes sociais, ¡séguenos!:
Facebook: <http://www.facebook.com/s8cinema>
Twitter: <http://twitter.com/s8cinema>